

## OS MEDIOS EN LIÑA, A ESCOLA E A INTERCULTURALIDADE

Xosé López García

Sabemos que a interculturalidade se manifesta en distintas expresións culturais. E sabemos que a comunicación intercultural aparece sempre como unha vía imprescindible para supera-los malentendidos (Miquel Rodrigo Alsina, 1999). Parece, polo tanto, un obxectivo aconsellable que os xornalistas traballen cunha nova visión intercultural que lles permita facer realidade unha mellor comunicación entre persoas que non comparten os mesmos referentes culturais. Hai que traballar, pois, por mundializa-la Ib cultural e pola incorporación do coñecemento dos medios de comunicación ós estudos regados da escola.

No século XXI vivimos baixo a alongada sombra da comunicación ciberespacial. As redes telemáticas afectan cada día que pasa a máis persoas no mundo. Vivimos na sociedade rede. E é unha rede, Internet, a que centra boa parte das expectativas de cambio sobre as formas de comunicar no inicio do novo século. A actual sociedade, que conviñemos en chama-la sociedade da información, avanza baixo o paraugas das transformacións que se producen no hipersector da comunicación. E sabemos que os avances tecnolóxicos aceleran as innovacións.

Tódalas estatísticas coinciden. Cada día son mais os cidadáns que acceden á rede de redes e cada día son más os medios que se atopan na rede. Internet xa pasou de ser un simple medio de comunicación a constituir un dos piares do hipersector industrial da sociedade globalizada. Quizás por isto son moitos os ollos que miran cara a esa rede.

Non se trata de que vexamos Internet como a solución a tódolos problemas. As tecnoloxías actuais facilitan as cousas, aínda que non terminan cos problemas. Persisten as desigualdades económicas –non hai infraestructura en tódolos países–, non tódolos cidadáns saben «navegar», non garanten que tódolos cidadáns esteán mellor informados, non aseguran a calidade dos contidos –na rede entra o bo e o malo...–. Pero non podemos vivir á marxe da rede. É o futuro, aínda que o futuro non sexa só Internet.

Hoxe os nenos nacen e viven coa e na rede. É certo. De aí que os medios queiran aproveita-las ferramentas actuais, queiran aproveita-las posibilidades de negocio e queiran aproveita-las posibilidades para comunicar mellor. É dicir, os medios deben estar na rede, porque a través da rede difúndense contidos e faise realidade a interactividade. Hai, pois, unha vía para a interculturalidade.

Os nenos, ademais de chegar ó mundo baixo a alongada sombra de Internet, tamén nacen coa mirada posta na escola, por onde están chamados a pasar. E hai xa bastantes anos que a escola se deu de conta que non podía vivir á marxe do sistema educativo que conforman os medios de comunicación no que se coñece como a primeira fase da sociedade da información. Foi na década dos oitenta cando as autoridades educativas puxeron en marcha iniciativas concretas –programas de prensa e escola– que pouco a pouco viviron sucesivas etapas, pero todas caracterizadas por romper coas tendencias dirixidas a que as aulas camiñesen de costas á realidade cotiá. A escola abriu as súas portas á libre circulación de ideas da man dos medios de comunicación, que na sociedade actual temos que entendelos dunha maneira crítica.

Vivimos nunha sociedade en que o coñecemento está mediatizado polos medios de comunicación. Cada vez hai unha dependencia máis acentuada dos medios tradicionais e dos novos medios para chegar a ter unha percepción do mundo. Este escenario mundial que define o comezo dun novo século, no que hai unha sobreabundancia de mensaxes, esixe coñece-los mecanismos de produción da información e entende-las claves do funcionamento dos medios para poder interpreta-la realidade. De aí que haxa que facer da aula un lugar onde sexa posible o estudio dos medios de comunicación como elementos innovadores do ensino. E non só dos medios, senón dos medios e a interculturalidade, esa nova/vella realidade.

No momento actual xa existen recursos para que os medios de comunicación estean nas aulas e para que avancemos con formulacións de comunicación intercultural. Cántase con mestres e profesionais da información con entusiasmo e capacidade para conduci-la innovación da escola, que só busca actualiza-los modos para este novo século. Escola e medios coinciden na necesidade da introducción dos soportes impresos e audiovisuais, ánda que se precisa dar pasos adiante para que os programas de actuación garantan mellores resultados.

O obxectivo de que o alumno sexa capaz de analizar criticamente a información está asumido, cando menos formalmente, nos programas educativos. Ningún pon en dúbida a necesidade de estudiar os medios como tales –como contan un acontecemento, a súa orientación e a comparación entre o tratamento que lle dan a un feito distintos soportes– e de aproveitalos como fonte de recursos –actualización das disciplinas escolares–.

Con todo, ánda hai retos pendentes. Medios de comunicación e escola teñen que colaborar máis estreitamente. Os medios precisan ter más

en conta os intereses dos mozos, as súas inquietudes e as súas demandas, mentres a escola debe abrir máis ventás á realidade de cada día para que aprender sexa pensar por un mesmo o que acontece. Os medios poden desempeñar un papel innovador na escola, un papel a prol da interculturalidade, pero para iso deberán fazer un esforzo para colaborar nese labor de aprendizaxe.

Non se trata de facer grandes cambios, áinda que si segui-la liña deseñada pola Unesco en materia de comunicación xa na década dos setenta. A conferencia internacional da Unesco dixo, naquel momento, que por educación en materia de comunicación cabe entende-lo estudio, o ensino e a aprendizaxe dos medios modernos de comunicación e de expresión, ós que se considera parte integrante dunha esfera de coñecemento específica e autónoma na teoría pedagóxica. Hoxe segue sendo válida esta definición e marca o camiño que deben segui-los medios e a escola.

Certamente, déronse pasos nesta dirección, pero resultaron insuficientes. A existencia no currículo do ensino non universitario de contidos referidos á comunicación e á información mostra a importancia institucional que a Administración educativa lles concede. Pero non é suficiente. Cómpre elaborar propostas rigorosas que permitan a posta en práctica da necesaria integración. Este é o reto para a Administración educativa, docentes e integrantes da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago.

A rede de redes, Internet, facilita hoxe esta incorporación dos medios á escola e facilita unha boa formación no ámbito da interculturalidade. Só hai, pois, que definir proxectos interculturais que fagan posible superar los malentendidos e crear escenarios en que se eviten esos malentendidos. Só falta, polo tanto, que os medios en rede e os medios a través da rede traballen a prol da interculturalidade e o fagan desde a escola. En definitiva, medios e interculturalidade deben camiñar da man.

## BIBLIOGRAFÍA

CASTELLS, M. (2000 [2ª edición]): *La era de la información. Vol. 1. La sociedad red.* Madrid, Alianza Editorial.

CASTELLS, M. (1989): *La ciudad informacional. Tecnologías de la información, reestructuración económica y el proceso urbano-regional.* Madrid, Alianza Editorial.

DÍAZ NOSTY, B. (1998): *Informe anual de la comunicación 1999/2000.* Barcelona, Grupo Zeta.

FERNÁNDEZ COCA, A. (1998): *Producción y diseño gráfico para la World Wide Web.* Barcelona, Paidós.

FERNÁNDEZ HERMANA, L. (1998): *En.red.ando.* Barcelona, Ediciones B.

FRANQUET, R. (1999): *Comunicar en la sociedad de la información.* Bilbao, Revista Zer, nº. 7, decembro.

FUENTES i PUJOL, E. (1997): *La información en Internet.* Barcelona, CIMS.

GINER, J.A.; SUSSMAN, B. (2000): *Innovaciones en periódicos. Informe mundial.* Pamplona, Innovation.

LEDO ANDIÓN, M. (1998): *Televisión e interculturalidade en Bretaña, Galicia e País de Gales.* Santiago de Compostela, Tórculo.

PRADO, E.; FRANQUET, R. (1998): *Convergencia digital en el paraíso tecnológico: claroscuro de una revolución.* Bilbao, Revista Zer, nº. 4, maio.

RAMONET, I. (1998): *Internet, el mundo que llega.* Madrid, Alianza Editorial.

## XORNALISMO E CULTURA NA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

José Manuel de Pablos

A razón culmina na liberdade  
e a liberdade é a existencia mesma do suxeito  
Herbert Marcuse (1979:15)

Falar de xornalismo e cultura na sociedade da información obríganos a reflexionar sobre algunas cuestiós previas referidas ó xornalismo e á cultura, antes de ensaiar tal binomio en calquera marco.

### 1. Reflexiós sobre o que é cultura

A expresión "cultura" interésanos segundo Jurij M. Lotman e Boris A. Uspenskij<sup>1</sup> como "memoria non hereditaria da colectividade" (1979:67-92), tan semellante á expresión de Alain Touraine (1980), segundo a cal cultura é: "o xeito no que unha colectividade organiza as súas relacións co seu ambiente natural e social"<sup>2</sup>, o que sen dúbida deriva na memoria que destaca Lotman; tamén, como sinala Daniel Bell (1994:47),

A cultura para unha sociedade, un grupo ou unha persoa é un proceso continuo de sustentación dunha identidade mediante a coherencia conseguida por un punto de vista estético consistente, unha concepción moral do eu e un estilo de vida que exhibe esas concepcións nos obxectos que adornan o noso fogar e a nós mesmos, e o gusto que expresa esos puntos de vista. A cultura é, polo tanto, o ámbito da sensibilidade, da emoción e da índole moral, e o da intelixencia, que trata de poñer orde neses sentimientos.

As primeiras tres acepcións vistas de cultura teñen que entenderse agora como un conxunto de coñecementos e costumes dun grupo humano "no que se expresa a vida tradicional dun pobo". Para algúns isto

1. "Sobre el mecanismo semiótico de la cultura", en *Semiótica de la cultura*, de Lurij M. Lotman e a Escola de Tartu, Cátedra, Madrid, 1979. As palabras exactas destes dos autores son "Se definimos cultura como todo o conxunto da información non xenética, como a memoria da humanidade ou de colectivos más restrinxidos nacionais ou sociais" (1979:41) e "Entendémo-la cultura como memoria non hereditaria da colectividade, expresada nun sistema de prohibicións e prescricións" (1979:71).

2. Citado por G. Richeri (1984:33-34), de "Un changement de mode de vie, pour quoi faire?", en *Informatique, télématique et vie quotidienne*, la Documentation Française, París, 1980.